



BASES DO CONCURSO XOVES DE COMPADRES

Primeira. - A Delegación de Cultura do Concello de Monforte de Lemos convoca o concurso do xoves de compadres que se realizará dentro do programa de actividades do Entroido monfortino o día 13 de febreiro de 2020.

Segunda. - As solicitudes de inscrición para a participación no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte dende o día seguinte á súa publicación na páxina web do concello, sendo o derradeiro día de inscrición o 12 de febreiro ás 14:00 h. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso.

Terceira. - No concurso do xoves de compadres haberá tres convocatorias:

- Centros de ensino
- Parroquias, barrios e rúas do Concello
- Individuais Praza de España

Tanto nas convocatorias de centros de ensino como nas de parroquias, barrios e rúas do Concello establécense dúas modalidades por número de monecos presentados:

- 1 - Colectivo - máis de dous monecos
- 2 - Individual

Cuarta. - Na convocatoria de -centros de ensino e individuais, todos os compadres inscritos concentraranse na Praza de España ás 17:30 h, sendo a lectura dos premios e a queima dos monecos despois da decisión do xurado.

Na convocatoria de -parroquias, barrios e rúas do Concello, os compadres inscritos colocaranse nos lugares elixidos polos participantes dende a primeira hora da mañá. O xurado visitaraos ata as cinco da tarde e lerá o resultado ao mesmo tempo que o da convocatoria de centros de ensino e individuais.

A decisión do xurado farase pública mediante a lectura da acta ao remate da concentración e antes da queima dos monecos.

Quinta. - Haberá un primeiro premio, un segundo premio e un máximo de tres accésits por modalidade. O xurado poderá conceder dous primeiros ou dous segundos premios, sempre que a suma total dos premios concedidos no concurso do xoves de compadres non supere os 1.200 €, que se aplicarán con cargo a partida 334.480.05, sen prexuízo de que o importe dos premios sexa inferior.

O xurado poderá conceder, se así o estima, un premio especial á etnografía e outro á crítica social.

Os premios serán indivisíbeis e poderán quedar desertos algúns deles, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

PREMIOS (por convocatoria):

Individuais		Colectivos			
1º premio	65 €	1º premio	95 €	Premio á etnografía	100 €
2º premio	35 €	2º premio	65 €	Premio á crítica social	100 €
Accésit	18 €	Accésit	30 €		

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Monforte de Lemos, a través dunha transferencia bancaria. Previamente será necesario a presentación do certificado bancario cun número da conta do titular e xustificación nos termos sinalados nestas bases.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Sexta. - O xurado do concurso estará composto por:



BASES DO CONCURSO XOVES DE COMPADRES

PRESIDENTE: A Delegada de Cultura ou persoa á que designe.

VOGAIS: Persoas de diferentes ámbitos sociais, educativos e culturais de Monforte de Lemos.

SECRETARIO/A: O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

Sétima.- Criterios de valoración do xurado:

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes: a montaxe, a elaboración e os materiais utilizados, a orixinalidade, a crítica social, o interese etnográfico así como a calidade do compadre.

Co fin de que sexan obxectivas as cualificacións do xurado, cada criterio enumerado terá unha valoración mínima do 10% e unha máxima dun 25% da total da puntuación.

Oitava.- A inscrición no concurso do xoves de compadres implica a autorización de todos os participantes inscritos na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade. Documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.

Novena.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.

Contra a resolución definitiva que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, se o acto foi expreso ou de tres meses, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado co Contencioso - Administrativo de Lugo.

Décima.- No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e de xeito supletorio na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións, no RD 887/2006 de 17 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.